PARLAMENTO DE GALICIA

A reunión celebrouse esta mañá no Palacio de La Zarzuela, dando cumprimento á obriga legal de informar ao Xefe do Estado sobre a decisión tomada na Cámara autonómica

A PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA COMUNICA A EL-REI A ELECCIÓN DE NÚÑEZ FEIJÓO COMO PRESIDENTE DA XUNTA

Santiago, 27 de abril de 2009.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, comunicou esta mañá á Súa Maxestade El-Rei a elección de Alberto Núñez Feijóo como presidente da Xunta de Galicia, trasladándolle así o resultado da votación celebrada na tarde de onte na Cámara autonómica.

Coa audiencia concedida por El-Rei á presidenta do Parlamento de Galicia no Palacio de La Zarzuela dáse cumprimento ao artigo 18 da lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente, que sinala que "se o Parlamento outorga a súa confianza ó candidato, o Presidente comunicarao a El-Rei para o seu nomeamento, mediante Real Decreto que se publicará no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia".

Pilar Rojo agradece a valora, en nome propio e no do Parlamento de Galicia, a cordialidade amosada por El-Rei na audiencia desta mañá e o interese amosado polo Monarca en relación coa situación da Comunidade Autónoma.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA